Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Morte

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Santa Compaña en Melide

A historia que narramos a continuación sucedeu aproximadamente nos anos 50 ou 60, en Melide, no casco vello, nunha zona coñecida como O Castelo, por estar aquí, en tempos, unha fortaleza derribada polos Irmandiños, da que hoxe non queda máis que o seu nome. Este Castelo estivo edificado sobre un castro, e dende o século XVIII o lugar ocúpao a capela do Carme de grande devoción local, así como o cemiterio municipal.

O suceso narróunolo un irmán do protagonista que de momento imos deixar no anonimato. Así nolo contou:

O seu irmán daquelas era un mozo novo, e viña de pasar unha velada festiva na veciña parroquia de Santa María, que naquelas datas estaban celebrando as festas na honra da Virxe das Neves (5 de agosto). Esta advocación é avogosa do bo tempo ou, pola contra, para pedir pola chuvia, sacándoa en procesión cando é necesario.

Xa se lle fixera tarde e para chegar pronto á casa, decidiu atallar polo Castelo, en lugar de dar unha volta máis longa polo camiño de Sabián. Tería polo tanto, que facer, o Camiño de Santiago ó revés.

Era noite pecha, e é de supoñer que o noso veciño viría



algo “alegre” da romaría. Tamén hai que dicir, que por aquelas datas, nesa zona do Castelo, onde está a Capela do Carme e o cemiterio, non había alumeado público, e polo tanto estaría bastante escuro. Subía polo monte do Castelo ó revés de como fan os peregrinos, pensando nas súas cousas. A capela e o cemiterio atópanse na plataforma do cume, e logo hai que baixar cara ó casco vello da vila, onde estaba a casa familiar. Cando chegou arriba, acompañado unicamente da escuridade e dalgún moucho que ulularía á noite, ó noso amigo pareceulle escoitar a alguén como rezando e ver unhas luces que se deixaban asomar entre a Capela da Virxe.

Achegouse un pouco para ver o que pasaba, e cal foi a súa sorpresa que se atopou de fronte, cunha procesión de ánimas que, acompañadas de candeas acendidas e recitando salmos e pregarias daba voltas ó redor da Capela. Había algúns que camiñaban de xeonllos, outros de pe, pero todos levaban velas e entoaban un salmo diante cántico. O home non puido menos que botar a correr costa abaixo, sen volver mirar atrás e chegar o máis pronto posible ó seu fogar.

Unha vez alí pechou a porta e se meteu na cama. O día seguinte non lle contou a ninguén o sucedido, pois tiña medo da Compaña, de que puidese vir a buscalo, ou de que alguén lle pedise que fixese algo para escorrentala, polo que gardou silencio.

Días máis tarde escoitou na casa que uns veciños, pasaran unha noite dando voltas ó redor da Capela do Carme, por unha promesa que lle fixeran á Virxe por un familiar. Fora a noite de autos, a noite que o noso amigo creu ver á Compaña. E entón xa puido contar, agora con medo a que se risen del, que el estaba alí aquela noite e que o que lle parecera ver fora a Santa Compaña.

Con este relato, que nos encantou, queremos facer fincapé en dous aspectos:

-O primeiro é que, esta tradición da Santa Compaña aínda estaba moi presente na mentalidade colectiva naqueles anos, fai relativamente pouco tempo.



-O segundo, e máis importante, é que esta tradición por desgraza estase a perder, dun xeito veloz, por mor da introdución de zombis, bruxas de gorro picudo e demais monstros que nos acompañan agora nas noites que se chaman de Halloween e que queren simularse a un antigo Samaín, pero que nos fixeron perder a esencia propia da terra, na noite de Tódolos Santos e as procesións da Santa Compaña, Estantiga, Estadea ou como se lle queira chamar. Cremos que os nosos nenos están moi lonxe de coñecer os nosos propios mitos de pantasmas, que dan tanto ou máis medo, que eses importados. Por desgraza sempre caemos no mesmo erro, o de rexeitar o propio, pero deixándonos seducir polo alleo (e se ven dos Estados Unidos, parece que aínda é mellor).

Con este relato queremos recuperar as figuras lendarias do noso imaxinario popular.

NOTA

O informante é un veciño de Melide de uns 65-70 anos que habitualmente reside en Madrid. Mantemos o seu nome anonimato porque non sabemos se permite que se publique ou non. Contounos este bonito relato o pasado mes de agosto.

[Texto remitido por Xurxo Broz e Cristina Vázquez, de Melide (A Coruña). Marzo de 2015]